

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº1, O CARBALLIÑO
CURSO: 2019/2020
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 14/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 1º DA ESO DE XEOGRAFÍA-HISTORIA

-A orde a seguir é a seguinte:

-1ºCONTIDOS (repasso, reforzo e ampliación de contidos, fáciles na súa comprensión). Aclarando o que queda para o seguinte curso.

-2ºESTANDARES DE APRENDIZAXE : por cada contido que se repase, reforce ou amplíe

-3ºCOMPETENCIAS CLAVE :CAA(aprender a aprender),CCL (comprensión comunicación lingüístico),CSC (comprensión sociais e cívicos),SIE (sentido da iniciativa e espírito emprendedor), CD (competencia dixital, algo que neste momento vense obrigados a exercitar, moito máis que nas clases presenciais)

-4ºCRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN: A-Procedementos
-Avaliación final de curso -Avaliación extraordinaria de Setembro. B-Alumnos pendentos: criterios, instrumentos e cualificación

-5ºMETODOLOXIA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE
(Actividades, Metodoloxía, Materiais e recursos)

-6ºINFORMACIÓN E PUBLICIDADE

-1º: CONTIDOS:

1- Representación do planeta : esfera e cartografía (mapas,e a súa distorsión)

- Localización (latitude, lonxitude,altitude,zonas de costa e zonas continentais)

-Trazos principais do medio físico (Zonas climáticas, cos seus climas. Relevo ,augas ..)

2- Concretar en cada Continente (Europa, Asia, África, América, Oceanía e Antártida) o medio físico e climas correspondentes

- Concretar en cada continente : países coas súas capitais.(soamente os máis coñecidos, excepto Europa que se exigen a maioría)

3-Repaso do mapa político da Península Ibérica : As CC.AA, provincias e cidades autonómicas.

4-INICIAMOS A PARTE HISTÓRICA: -A PREHISTORIA : o maior tempo e o menos coñecido, a evolución das especies.

5-Paleolítico : características xenerais, formas de vida.

6-Neolítico: Revolución agraria, sedentarismo, artesanía, comercio e organización social.

7-Idade dos metais : Cobre, Bronce e Ferro.

8-Idade Antiga: Primeiras civilizacións fluviais, características xenerais.

-2º ESTANDARES DE APRENDIZAXE :

- Para o punto 1 :Tipos de imaxes, tipos de mapas. -Distinguir os Hemisferios,- Zonas climáticas, -Lugares específicos, situalos no mapa físico mundi.

-Para o punto 2: en mapas mudos de cada continente (físicos e políticos) situar todo o sulñado en clase. E buscar textos, fotografías....que comenten os problemas ambientais, en cada continente.

-Para o punto 3: Recoñecer os cambios evolutivos, ata chegar a especie humana.

-Para o punto 4: Describir as características xenerais desta etapa (cazador,nómade...).

-Para o punto 5 : Analizar a transcendencia da Rev. Neolítica e o papel da muller.

-Para o punto 6 :Analizar a transcendencia que supuxo o descubrimento dos metais.

-Para o punto 7: Novas formas de organización (social-económica e política) Os 1º Imperios (Mesopotamia e Exipto) Novas fontes históricas, xa baseadas na escritura.

-3º COMPETENCIAS CLAVE:

En tódolos puntos se terán en conta as competencias esenciais :CAA,CMCCT,CCL,CSC e dadas as peculiaridades desta Avaliación, desenrolarán máis activamente :SIE, e, CD (esta última vense obrigados a desenvolve-la moito máis).

-4º CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN :

- Para os puntos 1, 2, e 3 : Analizar e identificar mapas, identificar diferentes zonas e recoñecer as principais unidades de relevo continental e costeiro. As augas marítimas e continentais, así como as zonas climáticas cos seus climas.

-Para os puntos 4 e 5 : Coñecer e describir os principais espazos naturais. Problemas ambientais na actualidade e a súa conservación e comprobar o control dos países e capitais que se mandaron estudar.

-Para os puntos 6,7 e 8 : Entender desde unha visión global, o proceso de hominización, a evolución humana, as principais características de cada período, ver as principais diferencias entre os períodos. Valorar a importancia da escritura, e a organización das primeiras civilizacións.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS : Insístese que fagan as tarefas no caderno que teñen da área, e que a teñan completa- Dáselle unha semana para facer as tarefas (de luns a luns) -Cada dúas semanas, fago un pequeno cuestionario (4 ou 5 preguntas cortas e algunha de relacionar) sobre as últimas tarefas realizadas, para comprobar que van comprendendo o que están traballando. Tamén dispoñen dunha semana, para realizalo, e así nunca se senten agoniados.

CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO: En coherencia coa Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, e coas Instrucións da Dir. Xeral de Edu. F.P. e I.E., do 27 de abril, que establecen que en ningún caso a 3ª avaliación poderá minorar os resultados obtidos nas avaliacións anteriores, **a cualificación da 3ª avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación**. A esta nota poderá sumárselle até un máximo de **1 punto** (10%) pola realización das tarefas de repaso e ampliación propostas durante o 3º trimestre.

A cualificación da 3ª avaliación será a cualificación final do curso. Manterase o mesmo **sistema de redondeo** de cualificación establecido na **programación de referencia do Departamento**.

-Alumnado coas outras dúas avaliacións aprobadas, procuro estimulalos para subir nota. Deste xeito, a **cualificación final** do curso será a **media aritmética das dúas primeiras avaliacións**, á que se sumará até **1 punto** pola realización das tarefas de repaso e ampliación propostas no 3º trimestre.

-Alumnado con algunha avaliación suspensa : valorarase a adquisición das competencias clave, a participación e o esforzo. Deste xeito, o alumnado con avaliacións suspensas poderá obter unha cualificación final positiva coa **realización de tarefas específicas de recuperación** (de repaso e reforzo para o alumnado coas 2 primeiras avaliacións aprobadas) da avaliación ou avaliacións correspondentes. A esta cualificación poderá sumárselle **até 1 punto** pola realización das **tarefas de repaso e ampliación** realizadas durante o 3º trimestre.

-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO :Os que non dean alcanzado o aprobado, faráselle unha proba específica en Setembro, sinxela e baseada fundamentalmente nos estándares e competencias imprescindibles xa traballados durante as clases presenciais. Se a situación sanitaria non permite

a realización da proba de xeito presencial, o alumnado poderá ser convocado a unha proba telemática.

EN 1º DA ESO NON HAI ALUMNOS PENDENTES.

-5º METODOLOXIA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE:

-Repaso, reforzo (servirán para RECUPERACIÓN e para subir nota) e ampliación de novos contidos, buscarase que supoñan pouco esforzo para a súa comprensión. 1º: seguen a centrarse nas competencias que teñen que desenvolver para os coñecementos desta área. 2º : sen lugar a dúbida con moita máis calma que nas presenciais, e partindo sempre de técnicas de traballo ás que estaban moi afeitos.

METODOLOXÍA: partindo da comprensión do que están a realizar; -traballos de facer esquemas-resumos do principal; -situación no espazo xeográfico; - expresión do aprendido.

MATERIAIS E RECURSOS .

-limitase fundamentalmente ao que poden acceder todas/os alumnos:

-Libro do alumno e Atlas.

-Pequenas explicacións, moi concretas que envío, do que me parece que lles pode resultar máis dificultoso

-6º INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:

- Mándase o traballo cada luns, por Abalar do IES (A que teñen acceso todas/os)

- O alumnado envía as tarefas a un correo persoal que lles facilitei (Ao que teñen acceso todas/os).

-Cando se colga o traballo, chamo ao delegado/a, de cada curso, para que o poña no grupo de whatsapp que teñen de clase.

-Cando non mandan traballo, en unha ou dúas semanas, chámase aos pais, para saber que pasa.

- A adaptación da programación do curso será publicada na web do Centro e enviarase un aviso vía ABALAR ás familias do alumnado cos criterios de cualificación.

MATERIA PENDENTE PARA O PRÓXIMO CURSO:

-Profundar nas Civilizacións fluviaís de Mesopotamia e Exipto.

-Estudar o principal da Civilización Grega e do Imperio Romano, para desde aí iniciarnos na Idade Media, como está nos contidos de 2º da ESO.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 2º DA ESO DE XEOGRAFÍA-HISTORIA

A orde a seguir é a seguinte:

1º-CONTIDOS :Repaso, reforzo e ampliación de contidos novos, de moi fácil comprensión e sempre con explicación por parte da profesora, reforzando onde poden atopar maior dificultade.

2º- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE : Faranse por cada contido que se repase, reforzo ou ampliación de materia.

3º-COMPETENCIAS CLAVE : CAA (Competencia de aprender a aprender)-CCL (competencia de comunicación lingüística) CSC (competencia sociais e cívicas)-SIE (sentido da iniciativa e espírito emprendedor)-CD (competencia dixital). Neste momento ,vense obrigados a desenrolar, moito máis que nas clases presenciais, tanto a: SIE como CD.

4º-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, e CUALIFICACIÓN:

A: Procedementos e instrumentos- Aval. Final de curso -Aval. Extraordinaria de Setembro

B: Alumnos pendentes : criterios, instrumentos e cualificación

5º-METODOLOXIA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE : -Actividades
-Metodoloxía -Materiais e recursos

6º-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

-1ºCONTIDOS:

1º -Repaso da Alta Idade Media, na Europa Occidental.- O Feudalismo

2º-Repaso da Baixa Idade Media na Europa Occidental :-Renacer das cidades
-Expansión artesanal e comercial (novas rutas comerciais) -Nacemento da Burguesía.- Nacemento das Escolas Urbanas e das Universidades

3º- Crise do S. XIV

5º- O Románico

6º-O Gótico

-2º ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE :

1º contido : Características socio-económicas desta etapa, poder da igrexa e da nobreza. Relacións por pactos persoais. Sociedade rural.

2º contido: Comprensión da evolución socio-económica, dando lugar a aparición da Burguesía. Comprensión da importancia do nacemento das escolas urbanas e da universidade.

3º contido: Comprender o impacto dunha crise demográfica e económica.

4º contido: Describir as características da arte Románica : Arquitectura, Escultura e Pintura. -IMPORTANCIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

5º contido: Comprender o cambio de mentalidade que se vai producindo, un Deus máis humanizado, e o seu reflexo na Arte. Describir as características da arte Gótica: Arquitectura, Escultura e Pintura. Comprender como aparecen edificios civís, aínda que a catedral segue a ser o edificio principal da cidade. - Comprender as diferencias das dúas artes.

-3º COMPETENCIAS CLAVE: En todos os Contidos se terán en conta a adquisición das competencias clave: CCA, CSC, CCL, CEC; SIE e CD. Esta última teñen que aplicala moito máis que nas clases presenciais.

- 4º CRITERIOS DE AVALIACIÓN :

1º contido :Explicar a organización feudal e as súas consecuencias

2º contido :Analizar a evolución económica-social (aparición da burguesía)
Explicar a nova organización social (cidade-Concello) Poder urbano- Entender o que supuxo a ampliación artesanal e comercial (Novas rutas marítimas e terrestres) -Feiras -Nacemento da Banca.-Importancia das Universidades.

3º contido :Entender o concepto de crise (fames, guerras, peste negra).
-Consecuencias sociais

4º contido :Comprender as características e funcións da arte nesta época.-
Importancia da Igrexa :Mosteiros e Catedrais

5º contido:Comprender as características e funcións da arte nesta época.(A Catedral o edificio máis importante da cidade)- Explica porque se constrúen importantes edificios civís.-Cambios na escultura - Cambios na Pintura.

*** Sempre se farán comparacións entre as dúas artes.

A-PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS : Insístese que fagan as tarefas no caderno que teñen da área, e que o teñan completo.-Dáselle unha semana (de luns a luns) para que fagan as tarefas.- Cada dúas semanas, envía un pequeno cuestionario (4-5 preguntas) cortas e algunha de relacionar, sobre as últimas tarefas realizadas, para comprobar que van comprendendo o que están a traballar. (Tamén dispoñen dunha semana para facelo) Evito sempre que se sintan agoniados.

CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO: En coherencia coa Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, e coas Instrucións da Dir. Xeral de Edu. F.P. e I.E., do 27 de abril, que establecen que en ningún caso a 3ª avaliación poderá minorar os resultados obtidos nas avaliacións anteriores, **a cualificación da 3ª avaliación será a media aritmética** das cualificacións obtidas na **1ª e na 2ª avaliación**. A esta nota poderá sumárselle até un máximo de **1 punto** (10%) pola realización das tarefas de repaso e ampliación propostas durante o 3º trimestre.

A cualificación da 3ª avaliación será a cualificación final do curso. Manterase o mesmo **sistema de redondeo** de cualificación establecido na **programación** de referencia **do Departamento**.

-Alumnado coas outras dúas avaliacións aprobadas, procuro estimulalos para subir nota. Deste xeito, poderán sumar até **1 punto** á media das 2 primeiras avaliacións pola realización das tarefas de repaso e ampliación propostas no 3º trimestre.

-Alumnado con algunha avaliación suspensa : valorarase a adquisición das competencias clave, a participación e o esforzo. Deste xeito, o alumnado con avaliacións suspensas poderá obter unha cualificación final positiva coa **realización de tarefas específicas de recuperación** (de repaso e reforzo para o alumnado coas 2 primeiras avaliacións aprobadas) da avaliación ou avaliacións correspondentes. A esta cualificación poderá sumárselle **até 1 punto** pola realización das **tarefas de repaso e ampliación** realizadas durante o 3º trimestre.

-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO : O alumnado que non dea alcanzado o aprobado, faráselle unha proba específica en Setembro, sinxela e baseada fundamentalmente nos estándares e competencias imprescindibles xa traballados durante as clases presenciais. Se a situación sanitaria non permite a realización da proba de xeito presencial, o alumnado poderá ser convocado a unha proba telemática.

B-ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE. Hai dous alumnos coa materia de 1º da ESO, as dúas primeiras partes da materia téñena aprobada coas actividades e probas que xa fixeron. - Para aprobar a parte restante teñen que

realizar un pequeno esquema da Civilización Grega e do Imperio Romano para o que disporán dun prazo de **tres semanas en Maio**. A cualificación final será a media aritmética da obtida nas 3 partes.

- 5º METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE :

Metodoloxía :Segue a centrarse nas " competencias" fundamentais que teñen que desenvolver,para a adquisición do coñecemento da área.- Con moita calma e partindo sempre de técnicas que teñen moi traballadas.-Faise moito repaso,reforzo e vanse ampliando contidos novos, con moita calma,e que parece que lle serán de fácil comprensión.- Aplícase sempre a comprensión lectora, resumos do principal, esquemas...

Actividades:-Resumos do principal-Traballos de esquemas-Situación no espazo e tempo dos acontecementos, e sabelos relacionar -Iniciais nos comentarios de texto históricos (puntos moi básicos, buscando textos moi recoñecibles dalgún feito, personaxe..) -Expresión do aprendido.

Materiais e recursos : Limitáanse fundamentalmente o que poden acceder todos os alumnos/as.:

-Libro do alumno -Pequenas explicacións, moi concretas que envío, onde creo que poden ter dificultades na comprensión

- Tense sempre en conta que neste 3º trimestre, dadas as circunstancias que estamos a vivir, **MOTIVALOS TANTO PARA RECUPERAR COMO PARA SUBIR NOTA.**

- 6º INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:

-Cólganse na páxina Abalar do IES, todos os luns as tarefas que deben facer, para o que teñen unha semana (de luns a luns).

Ese día chámase ao delegado de clase, para que o recorde, no grupo de whatsapp que teñen de case.

- Cada dúas ou tres semanas (segundo as tarefas) envíaselle un cuestionario sinxelo, para comprobar como van seguindo a materia.

- Teñen para enviar as tarefas un "correo persoal" meu.

-Cando non mandan traballo, nun tempo (como dúas semanas) Contacto telefonicamente cos pais para saber que ocorre.

- A adaptación da programación do curso será publicada na web do Centro e enviarase un aviso vía ABALAR ás familias do alumnado cos criterios de cualificación.

-NOS CONTIDOS, QUEDA PARA O PRÓXIMO CURSO:

-Tema 5 : Al-Andalus e Tema 6: Os reinos cristiáns hispánicos.

3º ESO/ MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

IMPRESCINCIBLES. Cinguirémonos ao repaso dos temas de xeografía económica que se deron nas clases antes da supresión destas, pero dos que non se puido facer o exame, programado xa, e ao afondamento nestes temas económicos xerais a través dos exemplos español e galego (introducindo así dous novos temas, inda que dependentes e complemento imprescindible dos dados en aulas, dada a súa vital importancia para o desenvolvemento dos cursos vindeiros). Así mesmo, e sempre pensando nos mínimos imprescindibles da materia, introducíranse conceptos relativos ás desigualdades económico-sociais no mundo, e aos diferentes sistemas económicos. Inda que non hai alumnos sen conectividade, de darse o caso de que algún non siga as clases referentes a estes coñecementos ampliados, teríase en conta no vindeiro curso e tomaríanse as medidas oportunas para solventar este atraso do mellor xeito posible.

En canto ás competencias básicas, dado o novo xeito de traballo, priorizaranse a lingüística, moi en especial a oral (expresarse de forma oral en distintos contextos, saber escoitar con interese e adaptar as respostas...disposición ao diálogo, interese pola interacción...), así como a de aprender a aprender, e como non, a cívico-social.

Concretando competencias e estándares:

-CCL/CMCCT/CD/CAA/CSC Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.

-CCL/CMCCT/CD/CAA/CSC Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.

-CAA /CD/CCL/CSIEE/CSC Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.

-CAA/CMCCT/CD/CCL/CSC Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.

-CCL/CAA/CSIEE/CMCCT Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.

-CAA/CMCCT/CD/ CCL/CSC/CSIEE Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.

-CCL/CAA/CSIEE Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.

-CAA /CD/CCL/CMCCT/CSIEE Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.

-CAA/CCL/CSC/CSIEE Describe as características do comercio internacional na actualidade.

-CAA/CCL/CCEC/CSIEE Identifica os tipos de turismo e os seus efectos

-CAA/CCL/CCEC/CSIEE/CD Valora a importancia do turismo na economía española e galega.

-CSIEE/CD/CCL Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.

-CSC/ -CAA/CSIEE/CCL Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza

-CSC/CMCCT CCL/CSIEE Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación, quedan reducidos ás posibilidades permitidas pola nova situación e pola nova metodoloxía.

Así serán avaliadas as cuestións formuladas e que o alumnado envía por escrito, os traballos voluntarios suxeridos, e enviados polos alumnos, e de modo moi especial (o 60%) a súa actuación oral, desenvolvida durante as clases, que se están a facer a través de videoconferencia ou sexa, a preparación do traballo diario de clase, e o uso correcto do vocabulario propio da materia, así como a soltura expositiva...

O conxunto deste traballo valorarase entre 0 e 1 puntos, segundo o traballo e competencias desenvolvidos polo alumno, a asistencia as clases... que se sumarán á media obtida das cualificacións das avaliacións precedentes.

Cos alumnos que teñan algunha avaliación pendente, e co mesmo método, pero con materia referente aos contidos que teñan pendente (fanse conexións a maiores das ordinarias, con estes alumnos en particular) se fará traballo de repaso sobre esa avaliación, tendo tamén en conta o traballo sobre os contidos que non se inclúen na materia que teñan pendente. Por este método o alumno poderá obter unha cualificación final de 5 se a media das notas que tiña era inferior; de querer unha nota concreta na avaliación suspensa para subir a nota final, pode facer unha proba oral en videoconferencia gravada.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado por cada alumno/a a partir da suspensión das actividades lectivas, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe

será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021, que incluírá as medidas de recuperación necesarias .

A **proba de setembro** será un exame escrito no que só se incluírá a materia incluída nas dúas primeiras avaliacións (da que houbo exame e da que quedou pendente de examinar pero explicada, traballada e repasada antes da supresión das clases)

En canto a alumnos ca **materia pendente**, para os que se manteñen os criterios de avaliación, poden recuperar do mesmo xeito que os alumnos do curso, por avaliacións, e en videoconferencia, permitíndolles ter libro e esquemas... diante; é dicir se lle dan as máximas facilidades. De non estar interesados nesta división da materia, serán convocados a unha única proba telemática por videoconferencia, sen o material diante.

En canto aos criterios de cualificación, de tratarse de exame de oral nunha única proba telemática, non varían; de aceptar o alumno a asistencia ás clases en videoconferencia e traballar nelas as súas competencias, terase en conta que traia a materia preparada e se exprese nos termos propios da materia, podendo obter por este medio facilitado, a cualificación de 5.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

As clases fanse por videochamada, para o cal dividíronse os 2 grupos clase e 7 grupos, para poder atender aos alumnos de forma máis personalizada; cada un deste grupos conecta ca clase en videochamada 2 veces á semana, ou máis se ten algunha avaliación que recuperar (fanse conexión a maiores para estes alumnos, nas que poden participar os alumnos que teñan a materia pendente) Nos días anteriores a cada clase se envían audios ou algún pequeno vídeo da profesora con explicacións dos contidos a repasar ou a ampliar, así como informando de traballos que poden enviar para ser corrixidos... Durante o desenvolvemento da clase fórmulanse cuestións aos alumnos sobre esa materia, e se observa se teñen feito os esquemas, resumos..., así como o desenvolvemento das súas competencias básicas. Os alumnos poden en todo momento ter diante o material que utilizaron durante o curso e o elaborado por eles para o desenvolvemento das clases. Non se detectaron alumnos con imposibilidade de conectividade, e a práctica totalidade dos alumnos están seguindo o curso. Se algún alumno se nega a seguir as clases por videoconferencia (a profesora ofreceuse a atendelos de xeito particular a calquera hora do día) ten á súa disposición toda a información do que pode facer, do que estamos a facer nas clases, como antes quedou dito.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Remítirase esta adaptación da programación a cada familia, por comunicación de grupo, a través do centro, ademais da obrigada publicación por parte do centro.

1º BACH/MATERIA: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINCIBLES.

Cinguirémonos ao repaso dos temas que se deron nas clases antes da supresión destas, pero dos que non se puido facer o exame, programado xa, e ao afondamento nestes temas (guerras mundiais e período de entreguerras) a través do estudo das súas consecuencias no decenios seguintes (Guerra Fría...), introducindo así “novos” temas, dada a súa vital importancia para o desenvolvemento dos cursos vindeiros, e contando co consenso da totalidade do alumnado, que sigue as clases en videoconferencia e entende a necesidade de profundar nestes temas que foron xa introducidos no 4º curso de ESO. Polo tanto estamos podendo completar o programa, como cada curso, sen alterar os contidos e competencias, aínda que con cambios importantes na metodoloxía, así como na forma de avaliar e cualificar.

En canto ás competencias básicas, dado o novo xeito de traballo, priorizarase a lingüística, moi en especial a oral (expresarse de forma oral en distintos contextos, saber escoitar con interese e adaptar as respostas...disposición ao diálogo, interese pola interacción...), así como a de aprender a aprender, e como non, a cívico-social.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación, quedan reducidos ás posibilidades permitidas pola nova situación e pola nova metodoloxía.

Así serán avaliábeis as cuestións formuladas e que o alumnado envía por escrito, os traballos voluntarios suxeridos, e enviados polos alumnos, e de modo moi especial (60%) a súa actuación oral, desenvolvida durante as clases, que se están a facer a través de videoconferencia; ou sexa a preparación do traballo diario de clase, e o uso correcto do vocabulario específico da materia, así como a claridade expositiva..

O conxunto deste traballo valorarase entre 0 e 1 puntos, segundo o traballo desenvolvido polo alumno, asistencia a clase... que se sumarán á media obtida das cualificacións das avaliacións precedentes.

Co alumnado que teña algunha avaliación pendente, e co mesmo método, pero con cuestións referentes aos contidos que teñan pendente (fanse conexións a maiores das ordinarias, con estes alumnos en particular) se fará traballo de repaso sobre esa avaliación, tendo tamén en conta o traballo sobre os contidos que non se inclúen na materia que teñan pendente. Por este método o alumno poderá obter unha cualificación final de 5 se a media das notas que tiña era

inferior; de querer unha nota concreta na avaliación suspensa para subir a nota final, pode facer unha proba oral en videoconferencia gravada.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado por cada alumno/a a partir da suspensión das actividades lectivas, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021, que incluírá as medidas de recuperación necesarias.

A proba de setembro será un exame escrito no que só se incluírá a materia impartida nas dúas primeiras avaliacións (da que houbo exame e da que quedou pendente de examinar pero explicada, traballada e repasada antes da supresión das clases).

En canto a alumnos coa materia pendente, para os que se manteñen os criterios de avaliación, poden recuperar do mesmo xeito que os alumnos do cursos, por avaliacións, e en videoconferencia, permitíndolles ter libro e esquemas... diante; é dicir, dáselle as máximas facilidades. De non estar interesados nesta división da materia, serán convocados a unha única proba telemática por videoconferencia, sen o material diante. En canto aos criterios de cualificación, de tratarse de exame oral nunha única proba telemática, non varían; de aceptar o alumno a asistencia ás clases en videoconferencia e traballar nelas as súas competencias, terase en conta que traia a materia preparada e se exprese nos termos propios da materia, podendo obter por este medio facilitado, a cualificación de 5.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso,e no seu caso ampliación)

As clases fanse a través de videochamada, para o cal dividiuse ao grupos clase en 4 grupos, para poder atender aos alumnos de forma máis personalizada; cada un destes grupos conecta coa clase en videochamada 2 veces á semana, ou máis se ten algunha avaliación que recuperar (fanse conexión a maiores para estes alumnos, nas que poden participar os alumnos que teñan a materia pendente).

Nos días anteriores a cada clase se envían audios ou algún pequeno vídeo dos profesores, con explicacións dos contidos a repasar ou a ampliar, así como informando de traballos que poden enviar para ser corrixidos... Durante o desenvolvemento da clase fórmulanse cuestións aos alumnos sobre esa materia, e se observa se teñen feito os esquemas, resumos.., así como o desenvolvemento das súas competencias básicas. Os alumnos poden, en todo momento, ter diante o material que utilizaron durante o curso e o elaborado por eles para o desenvolvemento das clases. Non se detectaron alumnos sen

conectividad, e a totalidade dos alumnos están seguindo o curso. Se algún alumno non pode, en determinado momento, seguir as clases por videoconferencia (a profesora ofreceuse a atendelos de xeito particular a calquera hora do día) ten á súa disposición toda a información do que pode facer, do que estamos a facer nas clases, como antes quedou dito.

4. **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

Remitirase esta adaptación da programación a cada familia, por comunicación de grupo, a través do centro, ademais da obrigada publicación por parte do centro.

2º BACH/MATERIA: HISTORIA DA ARTE

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINCIBLES.

Contando co consenso da totalidade do alumnado, que segue as clases en videoconferencia e entende a necesidade de avanzar no temario, déronse os contidos da totalidade da programación, aínda que dada a situación houbo grandes cambios na metodoloxía e tamén no xeito de avaliar e cualificar.

Polo tanto estamos podendo completar o programa, como cada curso, sen alterar os contidos e competencias, aínda que con cambios importantes na metodoloxía,

En canto ás competencias básicas, dado o novo xeito de traballo, priorizarase a lingüística, tanto oral como escrita, así como a de aprender a aprender, e como non, a cívico-social.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación, quedan reducidos ás posibilidades permitidas pola nova situación e pola nova metodoloxía.

Así serán avaliábeis traballos voluntarios suxeridos, e enviados polos alumnos, e de modo moi especial a súa actuación oral, desenvolvida durante as clases, que se están a facer a través de videoconferencia; ou sexa a preparación do traballo diario de clase, e o uso correcto do vocabulario propio da materia, así como a claridade expositiva á hora de comentar láminas (obras de arte).

O conxunto deste traballo valorarase entre 0 e 1 puntos, segundo o traballo desenvolvido polo alumno, que se sumarán á media obtida das cualificacións das avaliacións precedentes.

Cos alumnos que teñan algunha avaliación pendente, e co mesmo método, pero con cuestións referentes aos contidos que teñan pendentes (fanse conexións a maiores das ordinarias, con estes alumnos en particular) se fará a recuperación, tendo tamén en conta o traballo sobre os contidos que non se inclúen na materia que teñan pendente.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado por cada alumno/a a partir da suspensión das actividades lectivas. A proba de setembro será un exame escrito no que só se incluírá a materia incluída nas dúas primeiras avaliacións . En canto aos criterios de cualificación, non varían.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

As clases fanse a través de videochamada. Nos días anteriores a cada clase se envían audios ou algún pequeno vídeo da profesora, con explicacións dos contidos a repasar ou a ampliar, así como informando de traballos que poden enviar para ser corrixidos... Durante o desenvolvemento da clase fórmulanse cuestións aos alumnos sobre esa materia, e se observa se teñen comprendida a materia nova traballada.., así como o desenvolvemento das súas competencias básicas. Non se detectaron alumnos con imposibilidade de conectividade, e a totalidade dos alumnos están seguindo o curso. Se algún alumno non pode en determinado momento seguir as clases por videoconferencia (a profesora ofreceuse a atendelos de xeito particular a calquera hora do día) ten á súa disposición toda a información do que pode facer, do que estamos a facer nas clases, como antes quedou dito.

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Remítirase esta adaptación da programación a cada familia, por comunicación de grupo, a través do centro, ademais da obrigada publicación na páxina web por parte do centro.

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º ESO

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	B1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.
Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.
Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	B2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.
Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	B3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	B3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.
Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	B4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	B4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
Esquematzar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	B5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra	B5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

Civil	
Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	B6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. (II Guerra Mundial)
	B6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	B6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.
Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.	B7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco
Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.
Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	B8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.
Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades	9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.

do espazo globalizado.	
Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.
Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

En cor azul os estándares mínimos que foron traballados antes do confinamento e imprescindibles para aprobar a materia. Están a ser traballados con actividades de reforzo e recuperación polo alumnado que ten a 1ª avaliación suspensa e polo alumnado que precisa reforzar contidos e procedementos básicos.

En cor verde os estándares mínimos impartidos a partir do confinamento. Están a ser traballados por todo o alumnado en actividades de ampliación.

En cor vermella os estándares mínimos que quedarán sen impartir.

Para a relación entre os estándares mínimos especificados e as competencias clave consultar a programación de referencia do Departamento entregada en Inspección Educativa.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: revisión e valoración das producións do alumnado: exercicios, comentarios, traballos de investigación, intervencións orais, presentacións por video-conferencia ou gravadas en vídeo.</p> <p>Instrumentos: Rúbricas (de EE, EO, AA,...), tarefas individuais ou en grupo (escritas, orais, audiovisuais...), cuestionarios tipo test de coñecementos previos e de asimilación dos novos contidos e probas específicas.</p>
Cualificación final	<p>En coherencia coa Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, e coas Instrucións da Dir. Xeral de Edu. F.P. e I.E., do 27 de abril, que establecen que en ningún caso a 3ª avaliación poderá minorar os resultados obtidos nas avaliacións anteriores, a cualificación da 3ª avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A esta nota poderá sumárselle até un máximo de 1 punto (10%) pola realización das tarefas de repaso e ampliación propostas durante o 3ª trimestre.</p> <p>A nota da 3ª avaliación será a cualificación final do curso. Manterase o mesmo sistema de redondeo de cualificación establecido na programación de referencia do Departamento.</p> <p>Alumnado con cualificación negativa na 1ª avaliación (todo o alumnado ten superada a 2ª avaliación):</p> <p>- A nota final será a media aritmética da cualificación da 2ª avaliación (a aprobada) e a cualificación obtida pola realización das tareas específicas de recuperación da 1ª avaliación (a non aprobada) durante o 3º trimestre. A esa nota poderá sumárselle até un máximo de 1 punto (10%) pola realización das tarefas de repaso e ampliación realizadas no 3º trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O docente entregará ao alumnado un caderno de traballo específico de recuperación cos contidos mínimos traballados na 1ª e a 2ª avaliación.</p> <p>A cualificación final extraordinaria de setembro se obterá a partir da avaliación deste caderno de traballo. Esta cualificación final poderá verse incrementada até 1 punto coa realización das tarefas de ampliación da 3ª avaliación.</p> <p>O alumnado terá a opción de substituír a entrega do caderno pola realización dunha proba específica cos mesmos contidos. Se a situación sanitaria non permite a realización da proba de xeito presencial, o alumnado</p>

	poderá ser convocado a unha proba telemática.
Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>De recuperación, repaso e reforzo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de síntese (resumos, esquemas, mapas conceptuais e táboas comparativas). - Exercicios de ordenación cronolóxica, definición e relación de conceptos... - Comentario guiado de fontes históricas escritas, gráficas e iconográficas. <p>De ampliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As mesmas que no apartado anterior pero cun maior grao de dificultade e autonomía e cos contidos de ampliación (en verde). - Elaboración e exposición de investigacións e informes empregando fontes diversas. - Elaboración e presentación de mapas visuais a partir dos contidos do libro de texto. - Cuestionarios a partir da visualización de clips de vídeo ou clases maxistras gravadas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado dispón de conectividade e pode participar con normalidade no desenvolvemento das sesións por videoconferencia (Skype), na que se explican e aclaran dúbidas, e nas sesións de presentacións de traballos ou realización de cuestionarios online.</p> <p>A metodoloxía é unha combinación de técnicas expositivas (presentacións do alumnado e clases maxistras gravadas polo docente) e indagatorias (informes, investigacións...), tratando de que o alumnado constrúa o seu propio coñecemento (CAA) empregando as TIC (CD).</p>
Materiais e recursos	<p>Para as sesións por videoconferencia estou a empregar a plataforma Skype. Para a comunicación co alumnado (avisos, aclarar dúbidas puntuais, revisión de tarefas...) estou a empregar o correo electrónico e a aplicación Whatsapp no móbil e WhatsDesk no PC (pola súa inmediatez), tanto para as comunicacións grupais (grupo clase, grupos de traballo, grupos de recuperación) como individuais.</p> <p>Para aloxar os recursos necesarios para a realización e para a entrega das tarefas emprego a Aula Virtual do Centro. Nela o alumnado pode encontrar apuntamentos e presentacións, fichas de reforzo e recuperación, clases gravadas polo docente, clips de vídeo, podcast...</p> <p>Para a comunicación coas familias emprego a plataforma Abalar.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado de todas as novidades respecto ao desenvolvemento das clases, criterios de avaliación, cualificación e recuperación a través do <u>correo electrónico</u> e da Aula <u>Virtual do Centro</u> .
Publicidade	A adaptación da programación do curso será publicada na <u>web do Centro</u> e se mandará aviso vía <u>ABALAR</u> ás familias do alumnado.

1º BACH/MATERIA: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINCIBLES.

Cinguirémonos ao repaso dos temas que se deron nas clases antes da supresión destas, pero dos que non se puido facer o exame, programado xa, e ao afondamento nestes temas (guerras mundiais e período de entreguerras) a través do estudo das súas consecuencias no decenios seguintes (Guerra Fría...), introducindo así “novos” temas, dada a súa vital importancia para o desenvolvemento dos cursos vindeiros, e contando co consenso da totalidade do alumnado, que sigue as clases en videoconferencia e entende a necesidade de profundar nestes temas que foron xa introducidos no 4º curso de ESO. Polo tanto estamos podendo completar o programa, como cada curso, sen alterar os contidos e competencias, aínda que con cambios importantes na metodoloxía, así como na forma de avaliar e cualificar.

En canto ás competencias básicas, dado o novo xeito de traballo, priorizarase a lingüística, moi en especial a oral (expresarse de forma oral en distintos contextos, saber escoitar con interese e adaptar as respostas...disposición ao diálogo, interese pola interacción...), así como a de aprender a aprender, e como non, a cívico-social.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación, quedan reducidos ás posibilidades permitidas pola nova situación e pola nova metodoloxía.

Así serán avaliábeis as cuestións formuladas e que o alumnado envía por escrito, os traballos voluntarios suxeridos, e enviados polos alumnos, e de modo moi especial (60%) a súa actuación oral, desenvolvida durante as clases, que se están a facer a través de videoconferencia; ou sexa a preparación do traballo diario de clase, e o uso correcto do vocabulario específico da materia, así como a claridade expositiva..

O conxunto deste traballo valorarase entre 0 e 1 puntos, segundo o traballo desenvolvido polo alumno, asistencia a clase... que se sumarán á media obtida das cualificacións das avaliacións precedentes.

Co alumnado que teña algunha avaliación pendente, e co mesmo método, pero con cuestións referentes aos contidos que teñan pendente (fanse conexións a maiores das ordinarias, con estes alumnos en particular) se fará traballo de repaso sobre esa avaliación, tendo tamén en conta o traballo sobre os contidos que non se inclúen na materia que teñan pendente. Por este método o alumno poderá obter unha cualificación final de 5 se a media das notas que tiña era

inferior; de querer unha nota concreta na avaliación suspensa para subir a nota final, pode facer unha proba oral en videoconferencia gravada.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado por cada alumno/a a partir da suspensión das actividades lectivas, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021, que incluírá as medidas de recuperación necesarias.

A proba de setembro será un exame escrito no que só se incluírá a materia impartida nas dúas primeiras avaliacións (da que houbo exame e da que quedou pendente de examinar pero explicada, traballada e repasada antes da supresión das clases).

En canto a alumnos coa materia pendente, para os que se manteñen os criterios de avaliación, poden recuperar do mesmo xeito que os alumnos do cursos, por avaliacións, e en videoconferencia, permitíndolles ter libro e esquemas... diante; é dicir, dáselle as máximas facilidades. De non estar interesados nesta división da materia, serán convocados a unha única proba telemática por videoconferencia, sen o material diante. En canto aos criterios de cualificación, de tratarse de exame oral nunha única proba telemática, non varían; de aceptar o alumno a asistencia ás clases en videoconferencia e traballar nelas as súas competencias, terase en conta que traia a materia preparada e se exprese nos termos propios da materia, podendo obter por este medio facilitado, a cualificación de 5.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso,e no seu caso ampliación)

As clases fanse a través de videochamada, para o cal dividiuse ao grupos clase en 4 grupos, para poder atender aos alumnos de forma máis personalizada; cada un destes grupos conecta coa clase en videochamada 2 veces á semana, ou máis se ten algunha avaliación que recuperar (fanse conexión a maiores para estes alumnos, nas que poden participar os alumnos que teñan a materia pendente).

Nos días anteriores a cada clase se envían audios ou algún pequeno vídeo dos profesores, con explicacións dos contidos a repasar ou a ampliar, así como informando de traballos que poden enviar para ser corrixidos... Durante o desenvolvemento da clase fórmulanse cuestións aos alumnos sobre esa materia, e se observa se teñen feito os esquemas, resumos., así como o desenvolvemento das súas competencias básicas. Os alumnos poden, en todo momento, ter diante o material que utilizaron durante o curso e o elaborado por eles para o desenvolvemento das clases. Non se detectaron alumnos sen

conectividad, e a totalidade dos alumnos están seguindo o curso. Se algún alumno non pode, en determinado momento, seguir as clases por videoconferencia (a profesora ofreceuse a atendelos de xeito particular a calquera hora do día) ten á súa disposición toda a información do que pode facer, do que estamos a facer nas clases, como antes quedou dito.

4. **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

Remitirase esta adaptación da programación a cada familia, por comunicación de grupo, a través do centro, ademais da obrigada publicación por parte do centro.

2º BACH/MATERIA: HISTORIA DA ARTE

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINCIBLES.

Contando co consenso da totalidade do alumnado, que segue as clases en videoconferencia e entende a necesidade de avanzar no temario, déronse os contidos da totalidade da programación, aínda que dada a situación houbo grandes cambios na metodoloxía e tamén no xeito de avaliar e cualificar.

Polo tanto estamos podendo completar o programa, como cada curso, sen alterar os contidos e competencias, aínda que con cambios importantes na metodoloxía,

En canto ás competencias básicas, dado o novo xeito de traballo, priorizarase a lingüística, tanto oral como escrita, así como a de aprender a aprender, e como non, a cívico-social.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación, quedan reducidos ás posibilidades permitidas pola nova situación e pola nova metodoloxía.

Así serán avaliados traballos voluntarios suxeridos, e enviados polos alumnos, e de modo moi especial a súa actuación oral, desenvolvida durante as clases, que se están a facer a través de videoconferencia; ou sexa a preparación do traballo diario de clase, e o uso correcto do vocabulario propio da materia, así como a claridade expositiva á hora de comentar láminas (obras de arte).

O conxunto deste traballo valorarase entre 0 e 1 puntos, segundo o traballo desenvolvido polo alumno, que se sumarán á media obtida das cualificacións das avaliacións precedentes.

Cos alumnos que teñan algunha avaliación pendente, e co mesmo método, pero con cuestións referentes aos contidos que teñan pendentes (fanse conexións a maiores das ordinarias, con estes alumnos en particular) se fará a recuperación, tendo tamén en conta o traballo sobre os contidos que non se inclúen na materia que teñan pendente.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado por cada alumno/a a partir da suspensión das actividades lectivas. A proba de setembro será un exame escrito no que só se incluírá a materia incluída nas dúas primeiras avaliacións . En canto aos criterios de cualificación, non varían.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

As clases fanse a través de videochamada. Nos días anteriores a cada clase se envían audios ou algún pequeno vídeo da profesora, con explicacións dos contidos a repasar ou a ampliar, así como informando de traballos que poden enviar para ser corrixidos... Durante o desenvolvemento da clase fórmulanse cuestións aos alumnos sobre esa materia, e se observa se teñen comprendida a materia nova traballada.., así como o desenvolvemento das súas competencias básicas. Non se detectaron alumnos con imposibilidade de conectividade, e a totalidade dos alumnos están seguindo o curso. Se algún alumno non pode en determinado momento seguir as clases por videoconferencia (a profesora ofreceuse a atendelos de xeito particular a calquera hora do día) ten á súa disposición toda a información do que pode facer, do que estamos a facer nas clases, como antes quedou dito.

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Remítirase esta adaptación da programación a cada familia, por comunicación de grupo, a través do centro, ademais da obrigada publicación na páxina web por parte do centro.

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º BACHARELATO

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándar de aprendizaxe e Criterios de avaliación

Impartiranse todos os estándares programados ao inicio do curso e manteranse os criterios de avaliación para cada un deles establecidos na Programación do curso 2019/2020 (**consultar programación de referencia do Dpto. entregada na Inspección Educativa**), ao seren todos eles aprendizaxes e competencias imprescindibles para que o alumnado poda superar de xeito positivo a materia e a proba de ABAU, xa que o Ministerio e a Consellería de Educación non modificaron nin os contidos nin os criterios de avaliación establecidos para dita proba ao inicio do curso.

Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.

Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Revisión e valoración das producións do alumnado: redacción de temas históricos; comentarios e composicións a partir de fontes históricas ou historiográficas; eixes cronolóxicos; resumos e mapas conceptuais.</p> <p>Instrumentos: Rúbricas e directrices establecidas polo Grupo de Traballo de Historia de España da CIUG, que concretan as aprendizaxes e competencias imprescindibles que o alumnado debería desenvolver na materia HES.</p>
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> • En coherencia coa Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, e coas Instrucións da Dir. Xeral de Edu. F.P. e I.E., do 27 de abril, que establece que a 3ª avaliación terá unicamente carácter sumativo, a cualificación da 3ª avaliación será a media aritmética das cualificacións da 1ª e da 2ª avaliación. A esta nota poderá engadírselle até un máximo de 1 punto (o 10%) pola realización dos traballos e actividades de repaso e ampliación propostas desde o inicio do confinamento. • A cualificación da 3ª avaliación será a cualificación final da materia. • Manterase o mesmo sistema de redondeo da cualificación establecido na Programación de referencia do Dpto., tanto para a 3ª avaliación como para a recuperación das avaliacións suspensas. • O alumnado con avaliación negativa, nunha ou nas dúas primeiras avaliacións do curso, poderá obter unha cualificación positiva coa realización de traballos e actividades de recuperación que permitan unha avaliación obxectiva. Á cualificación resultante da avaliación deses traballos e actividades de recuperación poderá sumárselle até un máximo de 1 punto (10%) pola realización das tarefas de repaso e ampliación realizadas no 3º trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A.- <u>NO CASO DE MANTERSE AS RESTRICCIÓNS E NON PODER REALIZARSE UNHA PROBA PRESENCIAL</u>: O profesor elaborará unha serie de actividades para realizar durante o verán. A realización das actividades correspondentes á 1ª e á 2ª avaliación será obrigatoria e suporá o aprobado da materia e os exercicios correspondentes ao 3º</p>

	<p>trimestre será voluntaria e a súa realización poderá mellorar a nota até un máximo de 1 punto.</p> <p>B.- <u>NO CASO DE SER POSIBLE A REALIZACIÓN DUNHA PROBA PRESENCIAL:</u> Se efectuará un exame dos contidos da 1º e 2º avaliación, seguindo a estrutura das probas ABAU, nas datas previstas polo Centro.</p>
Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>A.- <u>ACTIVIDADES XERAIS PARA TODO O ALUMNADO:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> * Ao inicio do confinamento, realizáronse actividades referidas ao tema que se estaba a impartir no momento da suspensión das clases. * Rematado ese tema, fixemos chegar ao alumnado apuntamentos, resumos, esquemas, comentarios de texto resoltos e vídeos explicativos dos contidos programados que non foi posible impartir de xeito presencial, xunto con actividades específicas para traballar cada un destes contidos e para repasar os xa impartidos. * Estas actividades consistiron en: elaboración de preguntas-tema, definición de conceptos, realización de composicións históricas. <p>B.- <u>ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:</u> O alumnado que non acadou o aprobado na media das dúas avaliacións presenciais, deberán realizar unha serie de actividades específicas correspondentes á cada unha das avaliacións que teñan suspensas e que permitan unha avaliación obxectiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> * todas as actividades están deseñadas seguindo os criterios da proba de ABAU. * as actividades serán enviadas a través do correo electrónico ou entregadas na aula virtual dentro dos prazos establecidos. As actividades que non sexan entregadas en prazo non serán avaliadas.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado esta a contactar por vía telemática co alumnado (empregando as plataformas WEBEX, Skype ou ABALAR), e empregando tanto o correo electrónico de cada alumno/a como a Aula Virtual do Centro. Non hai alumnado sen conectividade. • As directrices xerais para a elaboración das actividades a realizar, informar dos criterios de avaliación para o terceiro trimestre e da nota final, así como das novidades, cambios e avisos sobre a proba ABAU, farase de xeito grupal a través da Aula Virtual, do correo electrónico ou a plataforma ABALAR. • O seguimento da realización das actividades farase de xeito individualizado, contactando vía correo electrónico co alumnado, tanto para a corrección dos exercicios entregados como para solucionar as dúbidas formuladas. • Informarase ao titor/a do alumnado de aqueles alumnos/as que non están a entregar os exercicios enviados por parte do profesorado.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Correo electrónico, Aula Virtual, plataformas WEBEX, Skype e ABALAR. Apuntamentos, presentacións, resumos, esquemas, comentarios de texto resoltos, vídeos explicativos e podcast.</p>

2. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado de todas as novidades respecto ao desenvolvemento das clases, proba ABAU, criterios de avaliación, cualificación e recuperación a través do <u>correo electrónico</u> e da <u>Aula Virtual do Centro</u> .
Publicidade	A adaptación da programación do curso será publicada na <u>web do Centro</u> e se mandará aviso vía <u>ABALAR</u> ás familias do alumnado.